

## Procedemento de xestión dos informes externos das teses de doutoramento depositadas a partires do 01/09/2024 no programa de doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental

O novo [regulamento de estudos de doutoramento](#) no artigo 41.2 indica que para a autorización da defensa é necesario contar cun mínimo de **dous informes da tese** emitidos por persoas doutoras externas na materia tese e externas a USC. Esta obrigatoriedade será, aplicable a todas as persoas doutorandas a partir do 1 de setembro de 2024, en consonancia co disposto na disposición transitoria primeira do Real decreto 573/2023, do 4 de xullo.

A Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD) en Enxeñaría Química e Ambiental xestionará estes informes externos da seguinte maneira:

- 1.- Unha vez a persoa doutoranda presenta na súa secretaría virtual a solicitude de defensa comprobarase que a documentación é correcta. A solicitude debe incluír a versión final da tese, xunto cos documentos que se precisen segundo a modalidade de tese presentada e a(s) mención(s) á(s) que opte. Esta documentación non se poderá modificar salvo que a CAPD ou a EDIUS soliciten correccións ou melloras tras o seu análise académico propio ou en base aos informes externos que se soliciten.
- 2.- Unha vez comprobado que a documentación é correcta a persoa coordinadora da CAPD, oída a persoa directora da tese (e, de ser o caso, a persoa titora), propoñerá dúas persoas doutoras expertas no campo de coñecemento da tese de doutoramento (investigadores/as con experiencia investigadora acreditada segundo o artigo 25.3.a do Regulamento de estudos de doutoramento), externas á Universidade de Santiago de Compostela, como avaliadores externos da tese. Teranse en conta os seguintes requisitos:
  - Estas persoas expertas externas non poderán formar parte do tribunal que avalíe a tese.
  - As persoas expertas que elaboren os informes non poderán encontrarse en ningunha situación que poida cualificarse como motivo de (*ver nota*):
    - *conflicto de interese* tendo en conta as causas indicadas no artigo 8 do Regulamento de selección de Profesorado da USC, ou
    - *causa de abstención* tendo en conta o artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
  - Ademais de todo o dito anteriormente, no caso das teses que opten á mención internacional as dúas persoas expertas terán que ser doutores/as pertencentes a unha institución de educación superior ou instituto de investigación estranxeiro. Os informes non poderán ser emitidos polas persoas investigadoras que realizaron as tarefas de titorización ou dirección de traballos da persoa doutoranda na entidade de acollida durante a estada necesaria para que a tese poida optar á ter mención internacional.
- 2.- Previo ao envío do exemplar da tese, a persoa coordinadora da CAPD contactará cos expertos externos propostos como avaliadores, que terán que aceptar a avaliación da tese no prazo de un mes dende a súa recepción. Ademais, deberán firmar un

compromiso de confidencialidade previo á recepción do exemplar da tese. O modelo de aceptación e compromiso de confidencialidade será o [establecido pola EDIUS](#).

- 3.- Tras a recepción da aceptación do [compromiso de avaliación e confidencialidade](#) firmado, os avaliadores recibirán unha ligazón á tese e un [modelo de informe](#) a completar no prazo máximo de un mes, no que figurarán as correspondentes instrucións. Nos informes, os avaliadores externos terán que contestar a unha serie de preguntas para valorar a tese, xerar o informe motivado preceptivo e, en base a este, elixir entre catro posibles recomendacións: “Aceptar”; “Cambios menores” (que se teñen que especificar); “Cambios maiores” (que se teñen que especificar); e “Rexeitar” (motivadamente).

O modelo de informe oficial da EDIUS especifica que esta cualificación dependerá do tipo de comentarios realizados e do tempo que a persoa doutoranda necesita para levar a cabo os cambios suxeridos: Menos dun mes para “Cambios menores”, e menos de tres meses para “Cambios maiores”. No caso de que na avaliación se considere que a persoa doutoranda necesita máis de tres meses para incorporar os cambios suxeridos, a avaliación deberá ser negativa (“Rexeitar”). Unha recomendación de “Aceptar” indica que o informante considera que a tese presentada non necesita cambios.

Os devanditos informes serán xestionados desde o programa de doutoramento (CAPD). O modelo de informe de tese de doutoramento será o [establecido pola EDIUS](#).

- 7.- Tras a recepción dos informes dos avaliadores externos a CAPD elaborará un informe que enviará xunto cos informes anonimizados dos avaliadores externos á doutoranda/o. [O informe da CAPD poderá ser](#): favorable, favorable condicionado ou desfavorable seguindo o indicado no artigo 41.3 do regulamento de estudos de doutoramento.

Para a elaboración do informe por parte de CAPD teranse en conta:

- o regulamento de estudos de doutoramento da USC;
- os criterios de calidade do propio programa de doutoramento; e
- os informes dos/as avaliadores/as externos/as.

Coa idea de reducir os prazos asociados a este trámite, procederase da seguinte forma tras a recepción dos informes dos informantes externos:

- No caso de que a recomendación máis severa corresponda a “Cambios menores”, a persoa coordinadora da CAPD enviará de forma automática (sen necesidade dunha xuntanza formal) un “Informe favorable condicionado á necesidade de correccións adicionais na tese”, remitindo os informes anonimizados á persoa doutoranda. Esta terá un prazo máximo de un mes para responder a estas modificacións. Unha vez obtida a resposta no [formulario de alegacións](#), a CAPD avaliará e decidirá se é suficiente para informar favorablemente de xeito definitivo a tese sen consultas adicionais ou, no caso de considerarse necesario, proceder ao envío das alegacións aos/ás avaliadores/as externos/as.
- No caso de que a recomendación máis severa corresponda a “Cambios maiores”, a CAPD en xuntanza formal, elaborará un “Informe favorable condicionado á

necesidade de correccións adicionais na tese” e seguirase o mesmo procedemento anterior coa diferenza de que a persoa doutoranda disporá dun prazo máximo de tres meses para responder a estas modificacións. Neste caso, a(s) resposta(s) ás indicacións dos avaliadores externos por parte da persoa doutoranda recollerase no [formulario de alegacións](#), que se enviará ao(s) avaliador(s) que solicitara(n) estes cambios para que avalíen se os cambios introducidos na tese son adecuados e seguen as indicacións dadas.

Non obstante, a CAPD decidirá, en todo caso, o procedemento a seguir en función das respostas dos avaliadores externos e das alegacións da persoa doutoranda.

9.- A CAPD disporá dun prazo máximo de dous meses desde a presentación da tese pola persoa doutoranda para a remisión á EDIUS do seu informe.

#### **NOTA:**

*Artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento:*

*«As autoridades e o persoal ao servizo das administracións nos que se dean algunhas das circunstancias sinaladas no punto seguinte», sendo estas:*

*a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*

*b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*

*c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no punto anterior.*

*d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.*

*e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».*

- - -

*Artigo 32.4 do Real decreto 678/2023 polo que se regula a acreditación estatal para o acceso ós corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, e o artigo 8 do Regulamento de selección de PDI da Universidade de Santiago de Compostela*

*"os membros seleccionados deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da comisión cando concorran algunha das seguintes circunstancias respecto dalgunha das persoas candidatas:*

*a) Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.*

*b) Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipamentos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto con algunha persoa candidata.*

*c) Dirixir ou ter dirixido o seu tese de doutoramento, defendida nos últimos seis anos. "*